



CASINO

De Ninghures

De Ninghures

P R O X E C T O

De Ninghures é unha banda do novo folk galego que nace das inquedanzas de xente nova de diferentes puntos da nosa xeografía. Partindo da tradición galega presentan un repertorio con claras influencias de músicas doutros pobos da Península Ibérica, América Latina ou o Magreb.

Oito mozas e mozos que se xuntan para ensinar o seu xeito de manter con vida a música tradicional nos tempos da globalización, conforman este grupo que anima ao baile e crea un ambiente de foliada fresca e frenética.

Nestes anos de traxectoria, percorren diferentes salas e festivais do país como o Castelo Conta, Festigal, Festival da Poesía do Condado, Foliada da Fonsagrada, Festival Irmandiño de Moeche.... chegando a compartir escenario con artistas da categoría de Xabier Diaz & Adufeiras de Salitre ou Banda Bassotti. En 2019 son gañadores do concurso Novos Valores como tamén finalistas do Proxecto Runas organizado polo Festival de Ortigueira.

Actualmente atópanse inmersos na gravación do seu primeiro traballo discográfico que verá a luz en xuño de 2022, logo dun período de dous anos de investigación. Neste disco composto por temas orixinais conflúen pezas de composición propia con arranxos do repertorio popular.

QUEN SOMOS



MANUEL "CATAQUI"

Frauta e Percusión




MANUEL LUCAS

Guitarra e Viola Caipira



ALDARA PALMEIRO

Violín e Voz



ADRIÁN MÉNDEZ

Gaita



HADRIÁN GARCÍA

Clarinete



EVA BOLÓN

Voz e Pandeireta



MARTA ÁLVAREZ

Voz e Percusión



TOMÉ MOURINHO

Acordeón e Guitarra



CONTACTO

Rúa A Esmorga, nº 5 15705
Santiago de Compostela

deninghures@gmail.com

+34 603 56 87 75 +34 635 34 84 98

INSTAGRAM



FACEBOOK

